



FÁLAME DA EMIGRACIÓN. O VALOR DA EXPERIENCIA
Temas sobre os que traballar no currículo de secundaria e bacharelato

//Afundación

Obra Social ABANCA

Os fenómenos migratorios están de plena actualidade, ademais de configuraren a realidade europea, xogan un papel moi destacado na historia moderna e contemporánea de Galicia como país emisor de emigración, mais tamén como país receptor de inmigración desde finais do século xx, polo que **permiten a abordaxe desde diferentes perspectivas e temáticas**. En cada centro adaptaranse os contidos á experiencia vital das persoas maiores involucradas, á súa relación coa emigración, así coma aos intereses do alumnado e do equipo docente do centro.

Para que o centro poida escoller sobre que aspecto da emigración traballar, presentamos unha escolla dos posibles vínculos co currículo do ensino secundario.

OBJECTIVOS DE ESO E BACHARELATO RELACIONADOS

Esta acción conecta cos obxectivos do currículo de secundaria e bacharelato establecidos no **DECRETO 86/2015**:

- Exercer a **ciudadanía democrática desde unha perspectiva global** e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos [...] dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. (BACH)
- Asumir responsablemente os seus deberes, **coñecer e exercer os seus dereitos** no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. (ESO)
- [...] **Rexeitar a discriminación** das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. (BACH)
- **Fomentar a igualdade** efectiva de dereitos e oportunidades [...] e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes [...] e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. (ESO)
- **Fortalecer as súas capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. (ESO)
- **Coñecer e valorar criticamente** as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora da súa contorna social. (BACH)
- **Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas**, así coma o patrimonio artístico e cultural [...]. (ESO)

COMPETENCIAS CLAVE

- **Competencias sociais e cívicas:** o alumnado traballará en equipo interactuando con persoas doutras xeracións respectando a diversidade étnica, cultural e relixiosa e as diferenzas de idade. O proxecto permitirá abordar as diferentes dimensións dos fenómenos migratorios e as implicacións para a cohesión social e para o exercicio dunha cidadanía responsable. Permitirá abordar o problema da xenofobia e os prexuizos.
- **Conciencia e expresións culturais:** permitirá abordar as diferentes formas de interpretar a realidade desde a diversidade cultural, e as implicacións para a convivencia multicultural e a integración das persoas inmigrantes nos países de acollida. Por outra banda, permitirá adquirir competencias relacionadas cos vínculos entre a emigración, a identidade cultural e a produción cultural na emigración galega ou no exilio republicano.

MATERIAS

- **Xeografía e Historia.** 1º ciclo de ESO, 2º curso
- **Xeografía.** Bacharelato, 2º curso
- **Historia do mundo contemporáneo.** Bacharelato, 1º curso
- **Historia de España.** Bacharelato, 2º curso
- **Lingua galega e Literatura.** ESO, 3º curso, 4º curso. Bacharelato, 1º curso, 2º curso.
- **Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.** ESO, 4º curso
- **Fundamentos de administración e xestión.** Bacharelato, 2º curso

Xeografía e Historia

O coñecemento histórico da sociedade, da súa organización e do seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para podermos entender o mundo na actualidade e para podermos anticipar algúns dos problemas do futuro.

Bloque 2.

O espazo humano

B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e **movementos migratorios**.

B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.

XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.

XHB2.1.2. Explica o **impacto das ondas migratorias nos países de orixe** e nos de acollemento.

B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.

B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas **migracións** e políticas de poboación.

XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.

XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.

B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.

B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.

XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.

XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os **movementos migratorios nas últimas tres décadas en España**.

B2.4. **Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.**

XHB2.4.1. Coñece o **proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais**.

Xeografía

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE).

Xeografía. 2º de bacharelato

Bloque 6.

A poboación española

B6.5. Migracións.

B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.

XHB6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.

XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes.

XHB6.5.3. Explica as relacións entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores.

Historia do mundo contemporáneo

Historia do mundo contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo, mais prestando, cando cumpra, unha especial atención a España e a Galicia.

Historia do mundo contemporáneo. 1º de bacharelato

Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina

B11.2. Fontes históricas.
B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando **fontes primarias e secundarias** (biblioteca, internet etc.), e analizar a súa credibilidade.

Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica

B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. **A inmigración como fenómeno globalizado.**

B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así coma o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.

HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.

HMCB10.1.2. **Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.**

Historia de España

Historia de España de 2º curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual estado español prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, mais sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano.

Historia de España. 2º de bacharelato

Bloque 0: Como se escribe a historia. Criterios comúns

B0.1. **Método histórico. Fontes e perspectivas.**

B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando a fiabilidade.

Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX

B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.

B8.1. Explicar a **evolución demográfica de España ao longo do século XIX**, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa.

Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)

B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da guerra mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; **movementos migratorios**; transvasamento de poboación da agricultura á industria.

B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século xx, en relación coa situación herdada do século xix.

HEB9.4.1. Analiza os efectos da primeira guerra mundial sobre a economía española.

HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.

HEB9.4.3. Explica os **factores da evolución demográfica de España** no primeiro terzo do século xx.

Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)

B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; **cultura do exilio**; cultura interior á marxe do sistema.

B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.

Lingua galega e Literatura

A educación literaria asume o obxectivo de facer do estudantado lectores e lectoras competentes. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia. O tratamento de todos estes contidos ten que se abordar valorando a relación de cada estudante coas competencias clave, que aparecen especificadas neste currículo a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Lingua galega e Literatura. ESO. 3º curso

Bloque 5. Educación literaria	B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
Bloque 4. Lingua e sociedade	B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

Lingua galega e Literatura. ESO. 4º curso

Bloque 5. Educación literaria	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensáísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.
--------------------------------------	--

Lingua galega e Literatura. Bacharelato. 1º curso

Bloque 5. A literatura	B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período.
Bloque 4. Lingua e sociedade	B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.

Lingua galega e Literatura. Bacharelato. 2º curso

Bloque 5. Educación literaria

B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975:

– **Poesía: produción bélica e autores/as do exilio.** A xeración de 1936, a promoción de Enlace e a xeración das Festas Minervais.

– **Prosa: produción bélica e autores/as do exilio.** Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A nova narrativa galega. Autores/as dos primeiros setenta.

– **Teatro: o teatro do exilio, a xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.**

B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos coma no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Iniciación á actividade emprendedora e empresarial. 4º de ESO

Bloque 5. Innovación empresarial.
A idea de negocio: o proxecto de empresa

- B1.1. Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.
- B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.
- B1.1. Describir as **calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora**, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.
 - IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e **describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo** e benestar social.
 - IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional da súa contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.

Fundamentos de administración e xestión

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos coma no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Fundamentos de administración e xestión. 2º de bacharelato

- B1.1. Relacionar os factores da innovación empresarial coa actividade de creación de empresas.
 - FAXB1.1.1. Identifica os aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego.
 - FAXB1.1.2. Recoñece **experiencias de innovación empresarial** e analiza os elementos de risco que levan aparelladas.
 - FAXB1.1.3. Valora a importancia da tecnoloxía e de internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa.
- B1.4. **Emprendedor e idea de negocio.**
 - B1.1. Innovación, desenvolvemento económico e creación de empresas.
 - B1.2. Idea de negocio.

//Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación A Coruña

Cantón Grande, 8

981 180 065



Material baixo licencia de Creative Commons Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional



A túa opinión conta!

afundacion.org